

De espellos e pantasma.

Francesco Ruchin

Existe, dende sempre, unha repulsión, unha incomodidade mal agochada por ter que afrontar todo o que é inherente á nebulosa do desacougante; por todo aquilo que, alonxándose da familiaridade das cousas, nos transporta fóra dos lindeiros da razón. E é quizabes este medo de se perder o que acompaña ó tremante lector de tódalas *ghost-story* na mítica selva chea de símbolos e signos na aparencia indescifrables.

Pero esta aparente indescifrabilidade pode ser eliminada enfocando con máis atención a nosa mirada cara aquel misterioso planeta: o mundo mesmo dos Vivintes.

Dende sempre, de feito, os ollos, a mirada, o espello, o soño representan os principais produtores de novas identidades, de múltiples dobres e terroríficas máscaras: as nosas pantasma cotiás.

Os rasgos pertinentes (ou *éléments*) desta negra galaxia conviven no mesmo sistema de signos.

O *sguardo*, ‘a mirada’, (<de *guardare* <franco **wardōn* ‘estar en garda’, ‘observar’); o *espello* (<lat. *spēculum*, de *spēcere* ‘observar’), o *ollo* (<lat. *ōculum*, o órgano apto para tal operación); o *soño* (<lat. *sōmniūm*, de *sōmnus* ‘sono’: un observar máis alá da cortina da vixilia).

Estes connotadores converxen todos cara o mesmo punto: a *pantasma* (<lat. *phāntāsmā*, do gr. *phāntasma* ‘imaxe’); unha imaxe que tenta de amosarse desesperadamente (*phantasma* <*phantázō* ‘eu me amoso’, ‘eu aparezo’) sobre da escena, máis alá do telón (a mítica saba) que divide a vixilia do sono, a realidade do soño, a vida da morte.

¿Pero cal é a finalidade desta atracción fatal? A meta non poder ser máis ca o *terrestrial otherworld*, o mítico mundo do OUT.

Non semella casual que *spēculum* derive de *spēcum* ‘espenuca’, ‘gruta’, ‘caverna’: o primordial e ideal lugar de todo viaxe iniciático.

Pero tamén, a branca pantasma nos observa. O *espectro* (<lat. *spēctrum*, de *spēcere* ‘observar’) é o opaco espello sobre do que se reflecta a nosa alma. El é, deste xeito, o único e auténtico heroe gracias o cal poderemos chegar ás desoladas e ermas terras da *psiche* (<gr. *psyché* ‘anima’, pero tamén ‘grande espello’), e voltar desta terrorífica viaxe no descoñecido.

Pantasma e espectros son, xa que logo, un exemplo da fenomenoloxía do espírito; os principios inmateriais activos que rondan arredor da groseira carne das ‘pantasma vivintes’ na desesperante procura dun amor perdido. A tentativa dunha mirada recíproca da que se carece, dun amor non correspondido.

Eles representan o filtro máxico (<gr. *philtron* <*philéō* ‘eu amo’) que nos xungue a eles nunha aperta da cal non lembramos xa o pracer: a lúdica voluptuosidade do corpo co espírito.

Moitos, coido eu, descoidaron esta ligazón afectiva que nos xungue ás pantasma. Explícase deste xeito a súa vacilación nas aparicións (a saba, as tebras, etc.), a súa tímidez e resistencia a se amosar: en realidade son as pantasma, os espectros, quen teñen medo de nós, da nosa granítica certeza, dos nosos infantís tabús, dos nosos atávicos medos a iniciar ‘a viaxe’ cara á súa terra.


Por estes motivos, o escritor é obrigado a experimentar sobre do lector técnicas hipnóticas que acheguen as dúas miradas; mimetizando na páxina os seus ollos, nunha tentativa de colocar ós dous personaxes no teatro do soño; no ‘grande espello’ da vida.

As alusións á teatralidade dese encontro está clara agora: a *persoa*, o ser vivinte (<lat. *personam*, do etrusco *phersu* ‘máscara’) e a *larva* ‘pantasma’ (<lat. *larvam* ‘máscara’) son as eternas máscaras no carnaval satánico da escritura.

Tócanos a nós descubrir baixo que máscara se agocha o aceno do autor que, xogando coa vida e maila morte, vira vertixinosamente o espello da súa indiscifrible páxina.

MISTERIO

mýstēs 'iniciado nos grandes misterios'



Francesco Ruchin
Universidade de Florencia